

ALFABETIZACIÓN **IN**FORMACIONAL



Formación de usuarios
Biblioteca Xoán Farias

GUÍA DA BIBLIOTECA



GUÍA da BIBLIOTECA Xoán Farias



**CEIP DE PAZOS
FERROL**

[http:// biblospazos.blogspot.com](http://biblospazos.blogspot.com)

SAÚDA

Estimados pais e nais:

Facemos chegar esta guía da Biblioteca a todos os nenos e nenas para facilitar o uso da mesma e conseguir unha optimización do uso dos seus recursos.

É HORA DE LER

- * porque seguimos precisando historias
- * porque queremos saber máis
- * porque debemos salvagardar a nosa memoria, darlles a coñecer aos nenos e nenas o patrimonio cultural da sociedade na que medran.

A lectura é un dereito que debemos garantir aos nosos fillos e fillas. É importante a súa formación como lectores/as competentes e a creación e/ou consolidación do hábito lector.



Querida nena ou querido neno:

Poñemos nas túas mans esta guía para achegarche as posibilidades de axuda que nela podes atopar. Ofréceche abundantes libros de lectura, de consulta e recursos informáticos para facer posible que aprendas máis e mellor, e tamén para que pases ratos agradables e divertidos.

Nos libros da nosa Biblioteca e nos ordenadores podes atopar información sobre moitísimos temas: historia, afecións, arte, xeografía, viaxes, natureza...

Grazas aos libros tamén podes soñar con países que non coñeces, vivir aventuras extraordinarias, coñecer personaxes fascinantes e facer descubrimentos que non imaxinabas.

Queremos axudarche a coñecer mellor a nosa Biblio para que a uses sempre que o necesites e queiras.



DISTRIBUCIÓN

Recepción e empréstito: Na entrada atópase a encargada da Biblioteca ou alguén do Equipo de Biblioteca do alumnado. Eles poden axudarche a localizar o libro que necesites, atenden ás devolucións ou aos empréstitos que queiras facer.

Zona de Consulta 1: No primeiro espazo da Biblioteca, na entrada fronte á recepción atoparás os libros de ciencias.

Zona de Consulta 2: Nesta zona están ordenados o resto dos libros que conteñen información sobre moitísimos temas. Poderás consultar dicionarios, enciclopedias, atlas, biografías... Todo o que precises saber para preparar os teus traballos ou para satisfacer a túa



curiosidade. A nova reforma da Biblioteca permite, ademais, que neste mesmo espazo atopes os ordenadores, con conexión a Internet, que servirán de ferramenta para localizar información de calquera tema sobre o que necesites saber máis.

Zona de Literatura 1: Os libros de banda deseñada; así como as revistas para os diversos niveis.

Ademais está o espazo adicado á literatura para os máis pequenos. E o **Rincón de lectura informal**, onde poderás disfrutar cómodamente do libro que escollas para pasar un tempo tranquilo lendo na Biblioteca.

Zona de Literatura 2: Os libros de ficción, é decir, aqueles que son froito da imaxinación dun autor ou autora, como os contos, a poesía e o teatro atópanse



reunidos na mesma sala para os primeiros lectores, autónomos e expertos.

Contamos aquí con **outras seccións**:

- Libros noutros idiomas (inglés, portugués, euskera, francés, italiano, ...)
- Sección adicada a libros sobre Ferrol.
- A nosa colección sobre Xoán Farias.

Zona de música: con libros, e Cds de música, dous lectores de Cds, Mp3 e dous cómodos sofás para gozar da música que che apeteza.

Zona de traballo: Son as mesas grandes nas que podedes sentar para traballar co material de consulta, ben en grupo ou ben individualmente.

EXPOSICIÓNS de libros dependendo do momento.



CATALOGACIÓN E ETIQUETADO

As persoas encargadas da Biblioteca están a levar a cabo o proceso de catalogación e etiquetado de todos os fondos existentes na mesma: libros, Cds, vídeos, DVDs, mapas, artigos... A etiqueta serve para ter todo ordenado e poder atopar o que se necesite con facilidade.

En todas as bibliotecas os libros están clasificados por temas. É dicir, todos os libros que tratan dun mesmo tema están colocados na mesma estantería.

Moitas bibliotecas (a nosa tamén) clasifican os libros en nove grupos. Este tipo de clasificación chámase **Clasificación Decimal Universal ou CDU**.



GUÍA DA BIBLIOTECA

CEIP DE PAZOS

Para que todos os usuarios e usuarias saiban cales son
eses nove temas póñense carteis ou murais na Biblioteca.

Na nosa están estes:



- 0 **DICIONARIOS E ENCICLOPEDIAS:**
Obras xerais
- 1 **PENSAR:** Filosofía e psicoloxía
- 2 **RELIXIÓN**
- 3 **CIENCIAS SOCIAIS**
- 5 **CIENCIAS NATURAIS**
- 6 **SAÚDE E TRABALLO:** Ciencias aplicadas
- 7 **ARTE, MÚSICA, DEPORTES E ESPECTÁCULOS**
- 8 **CONTO, POESÍA, TEATRO E CÓMIC:**
Lingua e literatura
- 9 **XEOGRAFÍA, HISTORIA E BIOGRAFÍAS**

8



A etiqueta está composta de tres partes: a primeira parte resérvase para a CDU; é decir: 0 para os dicionarios, 5 para un libro de Ciencias Naturais, *etc. A seguinte liña está destinada ao autor do libro, e colócanse na etiqueta as tres primeiras letras do seu apelido, con letra maiúscula. E, a terceira liña é para as tres primeiras letras, en minúscula, do título.

★ No caso da literatura é un pouco máis completo:

82N: Narrativa (novelas, contos...)

82P: Poesía

82T: Teatro

82C: Cómic, historietas e tebeos.

-GA: galego
-C: castelán
-I: inglés
-P: portugués


Azul para os **PRE-LECTORES**

Vermello para os **PRIMEIROS LECTORES**

Verde para os **LECTORES AUTÓNOMOS**


Amarelo para os **LECTORES EXPERTOS**






ADEMAIS PODO FACER USO
DO ORDENADOR PARA
BUSCAR INFORMACIÓN,
INVESTIGAR OU LER CONTOS.













Na Biblioteca podemos ler, disfrutar, investigar, estudar...



Podemos facer uso do ordenador para consultar, investigar, ler contos...



Na Biblioteca debemos falar baixiño para non molestar aos demais.



Os libros son de todos e todas, polo tanto, debemos coidalos; non facerlles marcas, non estropealos.

Cando vexas un libro en mal estado comunícao á/ao profe que estea na Biblioteca.



Ao rematar a lectura coloca o libro no seu sitio; se non sabes, pide axuda aos encargados/as.



Na hora do recreo, despois da "merenda", podes subir á Biblioteca e estar o tempo que queiras. Cando remates de ler, podes volver ao patio a xogar.

